

A TRACCIÓN ANIMAL NA XESTIÓN AGROFORESTAL SUSTENTABLE

LOBIOS, novembro 2017

Nos últimos anos, ten gañado a tracción animal un papel importante como alternativa complementar á tracción motorizada, co aumento do uso de tal tecnoloxía en pequenas e medias explotacións agrícolas (horticultura, viña, xestión forestal) nos países máis desenvolvidos da Europa como Francia, Alemaña, Reino Unido, Suecia ou Suíza entre outros, onde se comprobou a súa viabilidade económica, aliada a un menor impacto sobre o medio.

Obsérvase un crecente e renovado interese polo uso da tracción animal como unha fonte válida de enerxía. A necesidade de preservar a agrobiodiversidade, de reducir as emisións de carbono, de estimular a autosuficiencia e reducir o consumo de recursos non renovábeis, contribuíu tamén para esta tendencia.

Na Baixa Limia, onde a utilización da tracción animal foi unha realidade constante ata hai pouco, e onde existen aínda pequenos produtores que continúan a recorrer a esta tecnoloxía, A Asociación Galega de Tracción Animal - Á Molida, ven por este medio propor a realización dunhas xornadas de formación, adicadas á xestión agroforestal sustentable.

Preténdese dotar aos formandos de información adecuada que permita recoñecer na tracción animal unha solución moderna, de menor impacto e economicamente viable, competitiva e sustentable, como complemento ou mesmo en alternativa aos modelos convencionais normalmente utilizados.

Nesta primeira edición para a Baixa Lima e Serra do Xurés, vémonos na obriga de dar especial destaque a modelos alternativos na xestión forestal trala catastrófica situación vivida na nosa comarca e en todo o noroeste peninsular. É por isto que adicaremos unha xornada enteira aos usos da tracción animal na floresta.

Localización:

Sede do Parque Natural do Xurés - Lobios

Programa:

Venres día 10:

17:30 a 18:00 Recepción dos participantes.

18:00 a 19:00 A tracción animal no século XXI. João Brandão Rodrigues.

19:00 a 20:00 Documentario.

Sábado día 11:

9:00 a 9:45 Ecoloxía e ordenamento dos espazos forestais. José Castro.

9.45 as 10.30 Xestión forestal e tracción animal. Alfred Ferrís García.

- Xestión forestal sustentable.
- Aplicacións da tracción animal en operacións de xestión forestal: aspectos a considerar.

10:30 a 11:00 Pausa e desplazamento ao campo de práctica.

11:00 as 13:00 Contidos prácticos. Alfred Ferrís García e Jesús de Gabriel:

- Arreios específicos utilizados no traballo forestal.
- Ferramentas específicas utilizadas no traballo forestal con tracción animal.

13:00 a 14:00 Pausa para xantar.

14:00 a 17:30 Técnicas de traballo no medio forestal. Alfred Ferrís García

17:30 a 18:00 Pausa e volta á Sede do Parque.

18:00 Debate: A tracción animal como alternativa para os montes galegos.

19:00 Final dos traballos

Domingo día 12:

9:00 as 10:30 Horticultura e tracción animal. Viticultura e tracción animal. Alfred Ferrís García.

10.30 as 11:00 Pausa e desplazamento ao campo de práctica.

11:00 as 13.30 Traballos hortícolas con tracción animal. Alfred Ferrís García.

13:30 a 14:30 Pausa para xantar.

14.30 as 17:00 Traballos na viña com tracción animal. Alfred Ferrís García.

17:00 Final dos traballos

Breve Curriculum vitae dos formadores

Alfred Ferris Garcia

Agricultor ecológico adicado ao traballo con animais (principalmente éguas e cabalos) dende hai 27 anos.

Traballa actualmente como autónomo, realizando traballo para terceiros, principalmente na área da viticultura.

Valenciano de orixe, con formación tradicional hortícola valenciana e autodidacta, vive a traballa actualmente nunha explotación ecológica na rexión da Sierra del Segura en Albacete.

Colabora regularmente como formador con escolas agrícolas, outras institucións de ensino profesional e superior e ONGs, en cursos de formación, palestras e demostracións sobre o uso moderno de tracción animal ao nivel agro-forestal.

É tamén organizador de cursos avanzados de especialización na área da tracción animal, levados a cabo na propiedade que vive e traballa, principalmente durante o período do vrao.

É acreditado como formador en tracción animal polo Lycée Agricole de Montmorillon (Francia), inserido no programa de formación e calidade Equus-Gaia.

José Castro

Natural de Viana do Castelo, José Castro é Enxeñeiro Forestal (UTAD, 1988) e Arquitecto Paisaxista (Universidade do Porto, 2012). É Mestre en Ordenamento Rural (Centre International de Hautes Études Agronomiques Méditerranéennes, 1996) e en Arquitectura Paisaxista (Universidade do Porto, 2012) e Doutor en Ciencias Ambientais (Universidad de Alcalá, 2005).

Depois do seu paso pola industria – SONAE, CELPA – é actualmente Profesor Adxunto na Escola Superior Agrária do Instituto Politécnico de Bragança (Departamento de Ambiente e Recursos Naturais), impartindo áreas tais como os Sistemas de Información Xeográfica, Ecoloxía da Paisaxe, Planeamento do Territorio e Turismo e Recreio da Natureza, tanto a nivel de licenciatura como de mestrado.

É actualmente membro do Conselho de Acreditação e Qualificação da Ordem dos Engenheiros, tendo sido anteriormente vogal do Colégio Nacional e Coordenador do Colégio Regional do Norte de Engenharia Florestal. É membro fundador da Associação Portuguesa e Tracção Animal, membro da Sociedade Portuguesa de Ecologia, da Sociedade Portuguesa de Ciências Florestais e da Associação Portuguesa de Ecologia da Paisagem, a cal presidiu entre 2005 e 2008.

Publicou 6 artigos en revistas especializadas, 5 capítulos de libros e 2 libros, tendo participado con 64 colaboradores en coautorías de traballos científicos. Participou tamén en proxectos nacionais e internacionais de investigación e transferencia de tecnoloxía, e orientou e avaliou varias teses de Doutoramento e Mestrado. Actualmente integra o Consello Editorial das revistas Silva Lusitana (Instituto Nacional de Recursos Biológicos, I.P./I.N.I.A.) e Problemy Ekologii Krajobrazu (Polska Asocjacja Ekologii Krajobrazu).

A súa Área de especialización é a ecoloxía e a xestión productiva e social da paisaxe, nomeadamente forestal e silvopastoril.

João Brandão Rodrigues

Natural de Paredes de Coura, João B. Rodrigues, é licenciado en Medicina Veterinária pola Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (2007), sendo especialista em “Odontología y Cirugía Maxilofacial Veterinarias” pola Universidade Complutense de Madrid (2011) e Doutorado en Ciencias Veterinárias pola Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (2013).

Como profesional, adicouse dende sempre aos equinos de traballo, principalmente aos asnos, participando regularmente em proxectos internacionais directamente relacionados coa saúde e benestar dos equinos de traballo, tanto como consultor externo para as cuestións de saúde e benestar, como instructor na súa área de especialización.

Participa de forma regular en encontros científicos nacionais e internacionais como orador, sendo tamén autor de diversas publicacións científicas.

Actualmente é Profesor Auxiliar na Facultade de Medicina Veterinária da Universidade Trás-os-Montes e Alto Douro (UTAD).

É membro fundador a Asociación Portuguesa e Tracção Animal, asumindo actualmente as funcións de Presidente, onde ten organizado de forma regular actividades de promoción e formación da tracción animal.

Jesús de Gabriel Perez

Natural de Toro (Zamora), Jesús de Gabriel Perez licenciouse en Medicina Veterinaria pola Universidade de Córdoba, téndose adicado dende entón ao traballo con grandes animais.

Asume dende hai 16 anos un papel activo na ASZAL - Asociación Nacional de Criadores de la Raza Asnal Zamorano-Leonesa, onde traballa como médico veterinario especialista en burros, tendo xa asumido o cargo de Presidente, sendo actualmente o Secretário técnico e o Director técnico do libro xenealóxico do Asno Zamorano-Leonês.

Colabora regularmente como formador en cursos e obradoiros enfocados na saúde e benestar de equinos, dirixidos a alumnos e profesionais na área da medicina veterinaria pero tamén a criadores e propietarios de burros.

Nos últimos anos tense adicado tamén a afondar os seus coñecimentos en etoloxía e na doma natural de equinos, sendo formador nesta área en varios cursos a nivel ibérico.

Criador de varias razas autóctonas é hoxe un dos máis importantes criadores de Burro Zamorano- Leonés, sendo tamén agricultor ecolóxico de cultivos herbáceos.

Entidade promotora:

Asociación Galega de Tracción Animal – Á Molida

A Asociación Galega de Tracción Animal – Á Molida, como entidade de carácter educativo, técnico e científico, ten como principais obxetivos investigar, salvaguardar e dar a coñecer o patrimonio relativo à tracción animal, en todas as súas vertentes, así como promover, valorizar e divulgar novas formas de uso, nunha perspectiva moderna e actual, incorporando e adaptando novos coñecimentos.

Constitúe, igualmente, obxectivo esencial, o fomento de modelos de desenvolvemento sustentábeis ca promoción de prácticas culturais compatíbeis ca conservación da agrobiodiversidade, a conservación do solo, así como a inclusión do concepto de tracción animal moderna nunha estratexia lóxica de desenvolvemento rural.

Para a realización dos seus obxetivos, é competencia de Á Molida, promover e apoiar a realización de estudos científicos, cursos, congresos, conferencias e outras actividades afíns, formacións de ámbito académico e profesional, reunións de traballo, exposicións e publicacións. Adicionalmente, desenvolver e intensificar relacións de cooperación entre individuos e entidades nacionais e internacionais cun interés común, promovendo o intercambio de coñecimento e experiencias, así como informar e sensibilizar á comunidade científica e a opinión pública, promovendo a súa aproximación aos obxectivos da asociación.

Contacto: amolida.agatran@gmail.com tlf.- 696532995